



BULGARIA

Tipo de adopción: Simple e Plena

A adopción en Bulgaria é plena ou simple. Será plena en caso de orfos, pais descoñecidos, cando os pais dean o seu consentimento para adopción plena, e casos de NNA acollido/a/s en institución; o/a menor deberá estar inscrito/a nun rexistro de menores adoptables plenamente. A adopción plena é revocable por incumprimentos moi graves e debe ser solicitada polo Ministerio de Xustiza. Conserva a nacionalidade búlgara.

Requisitos:

- Estado civil: casado/a, solteiro/a, divorciado/a, viúvo/a
- Idade (Solteiro e parella): ≥ 25
- Monoparentais: Home, Muller

Non se admiten parellas de feito nin parellas do mesmo sexo.

Deberase estar inscrito/a nun rexistro especial do Ministerio de Xustiza no cal se rexistran as persoas que se ofrecen para a adopción residentes no estranxeiro que están dispostas a adoptar plenamente un/unha neno/a habitualmente residente en Bulgaria.

O trámite dos expedientes de ofrecemento de adopción deberá realizarse, en todo caso, a través de entidades búlgaras previamente autorizadas polo Ministerio de Xustiza de Bulgaria.

Características dos nenos:

- Personar menores de entre 1 e 18 anos, inscritas nun rexistro especial do Ministerio de Xustiza para poder ser adoptadas por persoas estranxeiras, unha vez que se extinguiron as posibilidades de adopción nacional.
- A diferenza de idade entre a persoa que se ofrece para adopción e o/a adoptado/a debe ser de, polo menos, 15 anos (agás en caso de adopción do/a fillo/a do cónxuxe). En caso de matrimonios, abonda con que un dos cónxuxes cumpra este requisito.
- Os/as nenos/as deben dar o seu consentimento para a adopción a partir dos 14 anos. Entre os 10 e os 14 anos deben ser oídos.
- Predomina o número de neno/a/s maiores e/ou con especificidades no seu estado de saúde e desenvolvemento e/ou grupos de irmán/n/s maiores (3, 4 e mais neno/a/s)
- Habitualmente pertencen a grupos minoritarios, principalmente familias xitanas ou turcas, xa que é máis difícil atopar familias para a adopción nacional.
- O adoptando deberá estar inscrito nun rexistro especial do Ministerio de Xustiza para poder ser adoptado internacionalmente, unha vez que se extinguiron as posibilidades de adopción nacional.
- Os ofrecementos para a adopción de nenos e nenas con problemas de saúde, necesidades especiais ou maiores de 7 anos, terán trato preferente.

Forma de tramitación:

Poderá tramitar a súa adopción:

- A través do Ministerio de Xuventude e Infancia (Protocolo Público).
- A través do Organizacións Acreditadas para Adopción Internacional(OAAI).

Asociación de Apoyo para la Adopción Internacional MIMO

Benito Gutierrez, nº 11, 1º Derecha

Madrid (28008)

Teléfono: 915430070

<http://www.mimoadopcion.org>

info@mimoadopcion.org;

ADECOP

Avda Emilio Lemos, 2, Módulo 706.2

Sevilla (41020)

Teléfono: 954538262 / 619386296

<http://www.adecop.org>

adecop@adecop.org

NAMASTE, Asociación para la promoción de la infancia

Coso, 79-81, 2º Derecha

Zaragoza (50001)

Teléfono: 976207689

<https://namasteadopcion.org>

namaste@namasteinfancia.org

AIST, Adopción Internacional Solidaridad en la Tierra

Mallorca, 192, 1º piso

Barcelona (8036)

Teléfono: 932720290

<https://centrokune.org>

centrokune@centrokune.org

IPI

Gran Vía de las Cortes Catalanas, 646, 1º, 2ª

Barcelona (8007)

Teléfono: 934120102

<http://ipi-ecai.org>

info@ipi-ecai.org

Documentación necesaria:

- Solicitud de adopción dirigida al Ministro de Justicia búlgaro, incluyendo una breve presentación de las personas que se ofrecen para adopción (datos personales, nacionalidad y ciudadanía, n.º de DNI, data y lugar de nacimiento, residencia actual y dirección actual y permanente), breve historia familiar, información sobre el status económico y social, información sobre la Autoridad Central o organismo acreditado que actúa en

representación da/s persoa/s que se ofrece/n para adopción no estado de residencia e organismo acreditado en Bulgaria (incluíndo información sobre as persoas de contacto e dirección, número de teléfono, representación e disposicións da autorización expedida polo organismo acreditado), perfil do menor que se desexa adoptar en concordancia co certificado de idoneidade, incluídas particularidades no estado de saúde e/ou no desenvolvemento do NNA que a persoa que se ofrece para a adopción aceptaría, motivos da adopción, calquera outra circunstancia que se considere importante, e data e sinatura da/s persoa/s que se ofrece/n para a adopción.

- Certificado de matrimonio, divorcio ou falecemento, se é o caso.
- Certificado médico sobre a saúde física e psíquica de cada persoa que se ofrece para adopción, así como sobre a ausencia de graves enfermidades crónicas, contaxiosas e venéreas, sida, tuberculose, ou outras enfermidades que supoñan risco para a súa vida, emitido con unha anterioridade máxima de 1 ano á entrega do ofrecemento.
- Certificado de penais.
- Certificado negativo de delitos sexuais.
- Certificado acreditativo de non ter sido privado/s da patria potestade.
- Certificado de idoneidade.
- Documento emitido polo organismo competente do estado de recepción que certifique que a sentenza de adopción do Tribunal búlgaro vai ser recoñecida no estado de residencia habitual da persoa que se ofrece para a adopción.
- Copia dos documentos identificativos ou pasaportes das persoas que se ofrecen para a adopción.
- Copia do certificado de nacemento dos futuros pais e fillos, si conviven con eles.
- Certificado de situación económica da familia.
- Xustificante de pago das taxas correspondentes.
- Informes psico-sociais, incluíndo información relativa tanto á saúde física como mental da/s persoa/s que se ofrece/n para a adopción e os/as integrantes da familia, e status social e económico. Se foron expedidos hai mais de un ano, deberá presentarse un informe actualizado ou unha certificación de que as circunstancias non cambiaron.
- Cando se tramite a través de OAAI: contrato co organismo e poder emitido pola/s persoa/s que se ofrece/n para a adopción para a mediación no procedemento de adopción. Non será necesario apostilar o contrato.
- Compromiso de seguimento, que deberá ir apostilado.
- Todos os documentos deben ser orixinais, traducidos ao búlgaro. O Regulamento UE 2016/1191 do Parlamento Europeo, extingue a obrigatoriedade de apostilar os documentos públicos presentados noutro país membro da Unión Europea que acrediten nacemento, matrimonio, estado civil, divorcio, separación, filiación ou adopción, nacionalidade, domicilio ou residencia e ausencia de antecedentes penais.
- **A maiores, deberá aportarse a documentación esixida en Galicia.**

Organismo público competente:

Ministerio de Xustiza- Departamento de Protección Xurídica Internacional do Neno e Adopcións Internacionais.

Embaixada en España:

Embajada de Bulgaria en España

Travesía de Santa María Magdalena, 15 - 28016 MADRID

Teléfono: 913455761 / 913456651 Fax: 913591201

Estancia esixida no país:

- A estancia mínima aproximada no país é de 5 días mínimo, de período de proba. E, tras a sentenza, un novo viaxe para ir recoller o/a fillo/a e pasar alá, polo menos, 1 semana.

Informes de seguimento:

- 1 informe semestral durante 3 anos (orixinais, traducidos ao búlgaro e apostilados). Deben ser certificados pola Embaixada ou Oficina Consular de Bulgaria en España. Todos deberán ir acompañados de fotos do/a neno/a.

Lexislación:

- Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993.
- Convenio suprimindo a esixencia da legalización dos documentos públicos estranxeiros, feito na Haia o 5 de outubro de 1961.
- Lei para a Protección do Menor, publicada o 13 de xuño de 2000, e o seu Regulamento.
- Código da Familia, publicado o 23 de xuño de 2009 e entrada en vigor o 1 de outubro de 2009. Última modificación o 20 de enero de 2016.
- Código de Dereito Internacional Privado, publicado o 17 de maio de 2005.
- Lei para a Protección do Menor, de 13 de xuño do 2000. Última modificación, 29 de xaneiro do 2016.
- Regulamento para a aplicación da Lei de Protección do Menor (2003).
- Guía metodolóxica de xuño de 2013, sobre a cooperación e a coordinación na realización dos procedementos de adopción no país e no estranxeiro, de menores acomodados en familias de acollida, servizos sociais de tipo residencial e outras institucións especializadas. Xuño de 2013.
- Decreto nº 2 de 24 de outubro de 2014 relativa ás condicións e á orde para a expedición e retirada do permiso de mediación en adopción internacional, e a realización e cancelación das actividades dos organismos acreditados.
- Decreto nº 3 de 24 de outubro de 2014 relativa ás condicións e á orde de organización dos rexistros de adopción internacional e o consentimento do Ministro de Xustiza.
- Regulamento relativo á actividade do Consello de Adopción Internacional do Ministerio de Xustiza, publicado o 4 de novembro de 2014.
- Lei de Reformas e Complementos do Código de Familia, de 22 de decembro de 2023.

Data de actualización:

A información do país foi actualizada o 15/07/2025.